

ALVARELLOS EDITORA, PRESENTE NO LIBER 2005



Henrique Alvarellos en Liber. 14/10/05



Estand da Asociación Galega de Editores en Liber 2005

Alvarellos Editora estivo presente na Feira do Libro de Madrid /Liber 05, un dos maiores encontros internacionais da industria editorial, que se celebrou na capital de España durante os días 12 a 16 de outubro de 2005. O Liber é un foro de intercambio profesional entre libeiros, distribuidores, autores, bibliotecarios, docentes, editores e profesionais das artes gráficas.

Esta empresa mostrou parte do seu fondo editorial dentro do stand da Asociación Galega de Editoras/Xunta de Galicia, onde tamén se deron cita outras 33 empresas editoras do noso país. Alvarellos Editora espuxo no Liber os primeiros tomos da súa nova Colección Rescate (*Viajes y yantares por Galicia* de Álvaro Cunqueiro, e *Sesenta gallegos ilustres*, de Francisco Fernández del Riego), ademais da colección século XVIII de facsímiles (*Obras completas do cura de Fruíme* en sete tomos e os doce tomos de Galicia da *España Sagrada*, entre outros volumes).

Henrique Alvarellos, o director, destacou que a presenza da súa empresa nesta importante feira internacional, "obedece á etapa de modernización que experimenta *Alvarellos Editora*. E á xestión dunha distribución para toda España e Portugal mailos países de fala hispana".

Durante a xornada do xoves día 14, o estand dos editores galegos recibiu a visita da conselleira de Cultura da Xunta, Ánxela Bugallo, mailo director xeral de Promoción Cultural, Luís Bará. O presidente da Asociación Galega de Editores, Miguel Anxo Fernán Vello, actuou de anfitrión nun acto de promoción e defensa do libro galego, e da industria cultural como eixos sobre os que construír unha sociedade máis formada e máis libre.

